

**PROCEDIMIENTO DE VALORACIÓN DE GRUPOS  
VULNERABLES DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

**9 de maio de 2020 (Rev. V00)**

## VALORACIÓN DO PERSOAL INCLUÍDO NOS GRUPOS VULNERABLES

De acordo co procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS- CoV-2 publicado polo Ministerio de Sanidade (versión do 30 de abril de 2020): "O servizo sanitario do SPRL debe avaliar a presenza de persoal traballador especialmente sensible en relación coa infección de coronavirus SARS-CoV-2, establecer a natureza de especial sensibilidade da persoa traballadora e emitir informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección."

Para que se poida levar a cabo dita valoración, o persoal da Universidade de Vigo seguirá os seguintes pasos:

### 1º Comprobar se se atopa incluído nalgún dos seguintes perfís de persoal vulnerable:

- Diabetes
- Enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión
- Enfermidade pulmonar crónica
- Inmunodeficiencia
- Cáncer en fase de tratamento activo
- Embarazo
- Maior de 60 anos

2º No caso afirmativo, realizar a notificación ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo, mediante o envío do impreso de declaración que se achega no Anexo I en [pdf](#) ou [docx](#) ao correo [sprl@uvigo.es](mailto:sprl@uvigo.es)

3º O Servizo de Prevención da Universidade de Vigo e porao en coñecemento da Área de Vixilancia da Saúde.

4º O médico da Área de Vixilancia da Saúde porase en contacto coa persoa traballadora para valorar o seu estado e determinar se é necesaria a adopción de medidas adicionais.

5º O médico da Área de Vixilancia da Saúde emitirá un informe onde se indicaran, de ser o caso, as medidas ou adaptacións que a Universidade deberá realizar para que poida seguir desempeñando o seu posto de traballo, así como as recomendacións individuais que debe seguir o traballador/a.

6º O informe emitido polo médico da Área de Vixilancia da Saúde remitirase á Xerencia para a súa resolución.

7º No suposto no que o responsable do traballador/a considere que non é posible realizar a adaptación do posto de traballo indicada no informe, comunicará dita situación achegando un informe xustificativo da imposibilidade de proceder á adaptación do posto de traballo.

8º A Xerencia unha vez recibido dito informe e comunicarao ao Servizo de Prevención para que realice os trámites necesarios.

Esa valoración por parte do médico da Área de Vixilancia da Saúde é a única actividade técnica que poderá servir de base para tomar as decisións preventivas adaptadas a cada caso.

O simple feito de que o/a traballador/a presente algunha das patoloxías indicadas ou teña máis de 60 anos non determina a súa consideración de traballador como especialmente sensible, senón que deberá seguir traballando. Polo tanto, para determinar a especial sensibilidade deberán seguirse os pasos definidos anteriormente.

Na xestión e tramitación desta solicitude, se observará o máis absoluto sigilo e confidencialidade.

## ANEXO I

### DECLARACIÓN GRUPOS VULNERABLES PARA COVID-19

Nome

Apelidos

DNI

Teléfono

Enderezo electrónico

Posto de traballo

Lugar onde se vai realizar o traballo presencial (Campus, Centro, Servizo, laboratorio..)

**\* Declara estar incluído nalgunha das seguintes situacións:**

- Diabetes
- Enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión
- Enfermidade pulmonar crónica
- Inmunodeficiencia
- Cáncer en fase de tratamento activo
- Embarazo
- Maiores de 60 anos

Data:

**\* Non é necesario que indique o grupo no que está incluído. Esa información a solicitará o médico.**

Enviar ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade de Vigo, [spri@uvigo.es](mailto:spri@uvigo.es)